

*Campus de Vigo*

Escola de Enxeñaría  
Industrial

Grao en Enxeñaría  
Electrónica Industrial  
e Automática

---

***Rama de coñecemento***

---

Enxeñaría e arquitectura

---



---

***Prazas***

---

90

---



---

***Créditos ECTS anuais***

---

60

---



---

***Créditos ECTS totais***

---

240

---



---

***Descrición***

---

O interese da titulación vén determinado polas características das dúas áreas básicas que a constitúen: Automática e Electrónica Industrial. Estas materias impulsaron un cambio importante na actividade económica debido á maior presenza da automatización e da intelixencia en procesos e produtos, cada vez máis complexos que se soportaron na informática e nas comunicacións.

---

Hoxe en día non se pode concibir unha liña de produción sen un elevado grao de automatización e unha xestión da información, informatizada e integrada en varios niveis. Todas elas son atribucións profesionais do enxeñeiro/a técnico industrial, dentro do ámbito da súa respectiva especialidade técnica.

---



---

***Saídas profesionais***

---

— Xestión e organización comercial de empresas de produtos e sistemas electrónicos, automáticos ou informáticos.  
— Dirección e xestión de proxectos de I+D en: automatización, comunicacións industriais, transporte (ferrocarril, aviónica, automoción), enerxías renovables, e sistemas electrónicos e automatizados en medicina e domótica.

---

— Deseño, análise, integración e mantemento de sistemas e equipamentos electrónicos, e instalacións industriais automatizadas e automatización de maquinaria.  
— Informática industrial, programación de robots e de autómatas programables e sistemas electrónicos programables en xeral.

---